



# CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100  
Rúa arcai, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.dicoruna.es

D. Daniel Angel Lamas Bello, Secretario do Concello de Val do Dubra (A Coruña)

## CERTIFICO

Que a Xunta de Goberno Local deste Concello, en sesión celebrada en data 17 de xuño de 2020, adoptou entre outros o acordo que transcrito literalmente di:

### “5.- INFORMES DE SERVIZOS.

5.2.- Dáse conta do expediente relativo á contratación de un traballador (tractorista) durante 9 meses a xornada completa, e se informa que a Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia concedeu subvención para a citada contratación ó amparo da convocatoria de axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural) para a anualidade 2020 segundo resolución de 11 de xuño de 2020. Finalmente acompañáanse as Bases para a selección e certificado de Intervención da existencia de consignación orzamentaria para a execución do gasto.

Procedéndose á votación, acórdase por unanimidade de todos os membros da Xunta de Goberno Local:

1.- A aprobación das bases para a selección de un traballador (tractorista) durante 9 meses a xornada completa e que transcintas literalmente din:

**“BASES QUE REXERÁN A SELECCIÓN DE UN TRABALLADOR DESEMPREGADO (TRACTORISTA) NA MODALIDADE DE CONTRATO DE DURACIÓN DETERMINADA DE INTERESE SOCIAL, POR UN PERÍODO DE NOVE MESES, AO ABEIRO DA RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBAN AS SUBVENCIÓNS PARA PARA O FOMENTO DE EMPREGO NO MEDIO RURAL (APROL-RURAL)**

### 1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.

O obxecto da presente convocatoria é a contratación en réxime de dereito laboral de 1 traballador (tractorista) desempregado, na modalidade de contrato de traballo temporal de interese social, durante un período de nove meses, ao amparo do disposto na Orde do 20 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2020, e segundo resolución de data 11 de xuño de 2020.

O persoal contratado, estará suxeito durante a súa relación laboral á normativa sobre incompatibilidades prevista na función pública.

### 2.- PUBLICIDADE.

As bases serán publicadas no Taboleiro de Anuncios do Concello e facilitarase copia destas na Oficina do Rexistro Xeral do Concello a aqueles aspirantes que as soliciten.

Os resultados das probas, para os efectos de notificación dos interesados, así como as citacións e notificacións dos mesmos, lévase a cabo unicamente a través do Taboleiro de Anuncios do Concello.

### 3.- DURACIÓN- HORARIO – RETRIBUCIÓN SALARIAIS E TAREFAS ENCOMENDADAS

*Val do Dubra, naturalmente*



# CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100  
Rúa arcai, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.dicoruna.es

A duración do contrato será de nove meses en horario de luns a domingo, cos descansos que establece a Lei, e coa flexibilidade que requira o servizo para o mellor funcionamento do mesmo.

As retribucións salariais: Salario Bruto: 1.108,33 €.

As tarefas encomendadas aos citados postos, son as propias de traballo dun tractorista: desbroce, mantemento, etc.

## **4.- REQUISITOS E CRITERIOS PARA A SELECCION DOS TRABALLADORES.**

Para tomar parte nas probas selectivas, as persoas aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos, que deberán cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato de traballo temporal coas cláusulas específicas de traballos de interese social.

1. Requisitos das persoas aspirantes:

- a) Ter a nacionalidade española sen prexuízo do disposto no artigo 57 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro.
- b) Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.
- c) Ter cumpridos o dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- d) Non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin acharse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratase de acceder ao corpo ou escala de persoal funcionario do que a persoa fose separada ou inhabilitada.

No caso de nacionais doutros estados, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos anteriores.

- e) b) É obrigatorio estar en posesión do carnet de conducir B e C1.
- f) Os traballadores, deberán ser desempregados inscritos no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados na data do inicio do proceso selectivo e encontrarse en algunha das seguintes situacións de exclusión laboral:
  - a) Mulleres, en especial as que acrediten a condición de vítimas de violencia de xénero.
  - b) Maiores de 45 anos.
  - c) Persoas desempregadas de longa duración.
  - d) Persoas con discapacidade;
  - e) Menores de 30 anos, en especial as persoas demandantes do primeiro emprego ou aqueles sen cualificación profesional.
  - f) Integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia

*Val do Dubra, naturalmente*



## CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100  
Rúa arcai, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.dicoruna.es

2. A selección dos traballadores desempregados realizarase polo Concello de entre os que figuren no listado de candidatos preseleccionados polo Servizo Público de Emprego de Galicia, unha vez presentada polo Concello a correspondente oferta de emprego específica na oficina de Santiago-Norte (A Coruña).

### **5.- SISTEMA DE SELECCIÓN.**

O sistema selectivo elixido será o da entrevista. A puntuación valorarase de 0 a 10 puntos, sendo necesario acadar unha puntuación mínima de cinco puntos para superar dito proceso. Os candidatos seleccionados serán os que obteñan as catro mellores puntuacións na entrevista.

A entrevista realizarase a porta pechada sen outra asistencia que a das persoas aspirantes e as que integran o tribunal.

O chamamento será único, de xeito que as persoas aspirantes que non comparezan serán excluídas.

### **6.- TRIBUNAL CUALIFICADOR.**

1. O tribunal cualificador estará integrado por cinco membros titulares os correspondentes suplentes, que serán designados pola Alcaldía-Presidencia no decreto polo que se aprobe a lista definitiva de persoas aspirantes admitidas e excluídas.

2. A composición dos tribunais axustarase ós principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros.

3. A pertenza ós órganos de selección será sempre a título individual e non se poderá exercer esta en representación ou por conta de ninguén.

4. Os membros dos órganos de selección deben pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional para o ingreso no cal se requira unha titulación de nivel igual ou superior ó exixido para participar no proceso selectivo.

5. Cada tribunal poderá dispoñer a incorporación de asesores/as especialistas, con voz e sen voto, cando a natureza ou as circunstancias dalgunha das probas o aconselle. Estas asesorías limitaranse a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas.

6. O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a presenza, cando menos, de tres dos seus membros, titulares ou suplentes, debendo estar presentes en todo caso o presidente/a e o secretario/a. De todas as reunións que se celebren o/a secretario/a redactará a correspondente acta.

7. Os membros absteranse de intervir, e comunicarán á autoridade convocante, cando conorra algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 01 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. Os aspirantes poderán recusar ós membros do tribunal cando concurran aquelas circunstancias.

8. O tribunal resolverá, por maioría de votos dos seus membros presentes, todas as dúbidas e/ou cuestións que se susciten ó respecto da aplicación e/ou interpretación das normas contidas nestas bases, así como nos supostos non previstos nas mesmas, recabando, no seu caso, a emisión de informe e/ou opinión especializada por parte dos asesores que ó efecto poidan ser requiridos.

9. En todo o non previsto nestas bases, o procedemento de actuación do tribunal axustarase ó establecido na normativa aplicable á formación da vontade dos órganos colexiados, tanto na Lei

*Val do Dubra, naturalmente*



40/2015, de 01 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, como nas restantes previsións normativas concordantes e/ou substitutivas.

## **7. - PROPOSTA DE CONTRATACIÓN.**

A orde de clasificación definitiva de todos os aspirantes virá determinado pola suma das puntuacións totais obtidas na proba escrita e na entrevista; en caso de empate, o que teña a nota máis alta no primeiro exercicio. A orde de clasificación definitiva determinará a proposta de contratación do Tribunal e a incorporación ao servizo, unha vez que se teña os resultados médicos.

En ningún caso o Tribunal cualificador poderá propoñer para a contratación maior número de aspirantes que prazas convocadas.

Mentres non se formalice o contrato, os/as aspirantes propostos/as non terán dereito a percepción de cantidade económica algunha. Establécese un período de proba de 15 días, conforme o artigo 14 do Estatuto dos Traballadores. Transcorrido este período se as persoas das que se trata o superase satisfactoriamente, adquirirá plena eficacia o contrato suscrito.

No non previsto nestas bases, será de aplicación, o Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores e demais lexislación complementaria que resulte de aplicación.

De producise algunha vacante nas prazas ofertadas durante a vixencia dos contratos, serán chamados aqueles aspirantes por orde de puntuación da lista de agarda, sempre que reunisen os requisitos da convocatoria.

## **8.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.**

A formalización do contrato terá lugar en canto o interesado presente a documentación pertinente:

- Fotocopia DNI
- Declaración xurada de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo do Estado, CCAA ou Entidades Locais, nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.
- Xustificante da Conta Bancaria.
- Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño de funcións propias do posto de traballo, que será xustificada mediante Informe Médico.

## **9.- PROTECCIÓN DE DATOS.**

De acordo co disposto na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro de Protección de Datos de Carácter Persoal, os datos de carácter persoal que se faciliten para a participación no presente proceso de selección de persoal, incorporaranse nun ou varios ficheiros, cuxo responsable é o Concello de Val do Dubra, onde poderá exercitar en todo momento os dereitos de acceso, rectificación, cancelación, e no seu caso, o de oposición dirixindo á Secretaría solicitude asinadas por escrito xunto cunha fotocopia do DNI.

Mediante a participación no referido proceso, os titulares consenten o tratamento dos seus datos persoais coa finalidade de levar a cabo a selección de persoal, o rexistro de solicitudes de candidatos, a cualificación de probas e avaliación dos candidatos, así como a provisión de postos e confección do banco de datos ou lista de espera.

Así mesmo, os participantes prestan o seu consentimento para que os seus datos persoais sexan comunicados mediante a súa exposición no taboleiro de anuncios deste Concello aos efectos de dar a

*Val do Dubra, naturalmente*



# CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100  
Rúa arcai, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.dicoruna.es

publicidade esixida ó procedemento de contratación, aos representantes dos traballadores, así como aquelas cesións autorizadas nunha norma con rango de Lei.

## 10.- RECURSOS.

As presentes Bases e cantos actos se deriven desta impugnaranse cos medios e forma previstos na Lei 39/2015. do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administración Públicas.

Así mesmo, a Xurisdición competente para resolver as controversias en relación cos efectos e resolución do contrato laboral será a Xurisdición Social.

No non previsto nas bases será de aplicación a Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia; a Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local; o Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local; Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro; e o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro.””

2.- Publicar as presentes Bases no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello e na páxina web municipal.””

Para que así conste, ós efectos oportunos, expido o presente por orde e co visto e praxe do Sr. Alcalde-Presidente e ca salvedade do artigo 206 do ROF, en Val do Dubra.

Vº e Praxe

ALCALDE-PRESIDENTE

O SECRETARIO

Asdo. José Manuel Varela Ferreiro

Asdo. Daniel Angel Lamas Bello

*Val do Dubra, naturalmente*